# XURXO FERNANDES

## *LEVAINO!*



**Xurxo Fernandes** é unha das voces máis singulares do panorama galego actual, capaz de innovar minuciosamente desde a tradición grazas ao seu vasto coñecemento do eido da creación popular colectiva. A súa curiosidade leva ao creador a iniciar, con só 14 anos, unha investigación e recollida polas aldeas de Galicia que mantén ao longo de máis de dúas décadas. Este traballo de campo, a través de conversas e enquisas, outorgan ao artista unha **fonda cosmovisión da tradición oral galega**. De xeito paralelo, e tamén a través de entrevistas persoais, achégase ás sonoridades propias das comunidades sefardís espalladas por cidades como Estambul, Esmirna, Sofía, Plovdiv, Samakov, Atenas, Tesalónica ou Xerusalén.

Como músico e intérprete crea **Radio Cos**, proxecto musical co que publica dous discos -Sete cuncas (2013) e Pasasatempo (2017)-. Coa banda, Fernandes ofrece concertos durante máis de dez anos en escenarios de Reino Unido, Bélxica, Francia, República Checa, Polonia ou Malasia, entre outros países. No 2016 representan a España no prestixioso festival WOMEX. Nesta última década Xurxo Fernandes dirixe outro proxecto musical colectivo, **Pandeireteiras sen Fronteiros** (PAN.SEN.FRON.), unha proposta que irmanda os ritmos e as percusións galegas coas tradicións e sonoridades tradicionais de países como Romanía, India, Marrocos ou Italia. No 2019, desta quenda acompañado por Pedro Lamas, o dúo lanza un EP nomeado **Altalaplana**, no que achegan a súa versión de pezas tradicionais (**Premio Martín Códax 2021**). Mais no ámbito internacional Xurxo Fernandes é recoñecido polo seu sorprendente proxecto **Jako el Muzikante**, que rescata o ambiente dos cafés amán propios dos anos vinte do século XX. Con Jako, viaxou ata escenarios de Alxeria, Portugal e Madrid, así como aos principais festivais das tres culturas en Murcia, Frigiliana, Montánchez e Tarazona.

# XURXO FERNANDES

## Xurxo Fernandes: Levaino!

2021-Actualidade



Oriente e Galicia ao fin xuntos. Xurxo presenta a súa dualidade nun proxecto sen precedentes.

## Jako el Muzikante

2013-Actualidade



Música urbana sefardí en formato café amán. El Xurxo más oriental en estado puro.

## Pan.Sen.Fron

2014-Actualidade



Voz e pandeireta tradicional de Galicia, que irmanda sons de outras culturas.

## Radio Cos

2005-2019



Música galega de raíz que percorre escenarios internacionais durante máis de 10 anos.

**(Fai click nas imaxes para saber máis)**



*“Levaino! é unha viaxe de autorrecoñecemento, un xogo de espellos entre as dúas vertentes da miña traxectoria artística. É música que tende pontes entre Galicia e o Mediterráneo oriental a través da creación popular colectiva”.*

# *LEVAINO!*

Neste 2021, Xurxo Fernandes aúna nun novo traballo as principais vertentes da súa creación. Por unha banda, a face do **cantante e instrumentista tradicional galego** e, por outra, a do experimentador e **investigador das músicas orientais sefardís**. A procura desta conexión única, cunha sonoridade peculiar, é **Levaino!**

Unha exhortación a non perder a nosa identidade nun mundo cada vez máis globalizado: Levaino! é unha chamada a preservar aquelo que nos diferencia.




**(Fai click na imaxe para ver o videoclipe)**

# *LEVAINO!*

O álbum **Levaino!** achega unha visión única sobre as músicas de raíz e de creación colectiva, na que os sons máis arcaicos dunha Galicia primitiva mistúranse co exotismo oriental. Trátase dunha proposta exquisita, dotada dunha sonoridade peculiar e repleta de virtuosidade que Xurxo Fernandes completa cunha voz cálida, potente e chea de matices e expresividade.

**A tradición oral galega**, acompañada dun instrumento representativo desta como é a pandeireta, é a base e o punto de encontro de creacións sonoras que se nutren doutras tradicións, acompañados de **arranxos singulares e dunha instrumentación moderna** que se introduce dun xeito natural.

Xurxo Fernandes presenta doce temas recollidos polo propio artista en territorios tan diversos como son Coristanco, Samakov, A Mezquita, Salihli, Tordoia, Larache ou Tel Aviv. Con eles, Levaino! percorre unha **ducia de paisaxes sonoras pouco coñecidas**, que comezan no Mediterráneo Oriental e que rematan en Galicia, que explicitan e **manifestan os vínculos entre ambas culturas e tradicións orais**. Sonoridades que, se cabe, resultan moito máis próximas do que semellan no inicio.

# *LEVAINO!*




(Fai click na imaxe para ver o videoclipe)


PIMENTON
REGISTRADA

# *O DIRECTO*

No directo Xurxo acompáñase de pretixiosos músicos da escena galega como son **Pedro Lamas** (arranxos, gaita, dulzaina e saxo), **Roberto Comesaña** (teclado), **Rafa Morales** (baixo eléctrico) e **Ruben Montes** (percusión). Unha potente posta en escea que reforzan as **Pandeireteiras Sen Fronteiros**, a familia de cores e alegría que completa cos seus coros e a súa forza o directo.

Un evento cheo de enerxía, concebido para bailar mesmo dende a cadeira e tamén pensado para invitar á reflexión e non olvidar de donde vimos.





*"Levaino! fala no escenario de autenticidade, de identidades que merecen ser defendidas nun tempo no que a globalización pon aínda máis en perigo as culturas autóctonas" - Jordi Martí Fabra*

# PRENSA


MÚSICA
Unha viaxe desde Galiza ao Mediterráneo oriental
OLGA BRAÑAS
Ecléctico e necesario
Intimista
Levaino!
Xurxo Fernandes / Autoeditado / 2021 / Doce pezas / 16€
La Voz de Galicia
Lee sin límites. Prueba 30 días gratis
Suscríbete
Xurxo Fernandes, músico: «Na nosa tradición oral temos conexión co Mediterráneo»
DOLORES VÁZQUEZ
nòs DIARIO
Política
Social
Internacional
Traballo
Economía
Cultura
Lingua
Opinión
Sermos aposta no últim musical do artista e invest Fernandes
G24.gal
GALICIA
O TEU CONCELLO
POLÍTICA
Xurxo Fernándes: "Levaino' é unha exaltación da nosa identidade fronte ao mundo globalizado en que vivimos"
Publicado o 22/03/2021 17:22
LEVAINO!
XURXO FERNANDES

# *PRENSA*

**Taratańa (Radio3)**
Los misterios del Levaino! según Xurxo Fernandes
*Link*

**ZigZag (CRTVG)**
"Levaino' é unha exaltación da nosa identidade fronte ao mundo globalizado en que vivimos"
*Link*

**La Voz de Galicia**
«Se tes un afán comercial, non te podes dedicar a tocar a pandeireta»
*Link*

**Entre dos Luces (RNE)**
Xurxo Fernandes, Atlántico y Mediterráneo
*Link*

**Taratańa (Radio3)**
El Mediterráneo Otiental en Galicia
*Link*

**España.com Radio Exterior (RNE)**
Xurxo Fernandes nos presenta en EPC: Levaino!
*Link*

**La Voz de Galicia**
«Na nosa tradición oral temos conexión co Mediterráneo»
*Link*

# *PRENSA*

**Sons de la Mediterrània**

Espècies d'Orient

*Link*

**Diario Crítico**

Xurxo Fernandes desembarca en Madrid, junto a la formación ‘Pandereteiras sen fronteiros’, para presentar su trabajo ‘Levaino!

*Link*

**La Opinión A Coruña**

Xurxo Fernandes hermana sonidos de Galicia y el Mediterráneo

*Link*

**Cope**

Xurxo Fernandes presenta nou disc, Levaino!

*Link*

**El Ideal Gallego**

Xurxo Fernandes tende pontes entre Galicia e o Mediterráneo con “Levaino!”

*Link*

**B!ritmos**

Xurxo Fernandes

*Link*

**Radio Sefarad**

Entretejiendo la música sefardí y la gallega

*Link*

*"Cada concerto é único. A voz de Xurxo, chea de matices e expresividade, fúndese á perfección co resto de instrumentos e vése reforzada polos coros, os bailes e a alegría das Pandeireteiras. A emoción está asegurada".*



# VÍDEOS AO VIVO





(Fai click nas imaxes para ver os vídeos)

# VÍDEOS AO VIVO





(Fai click nas imaxes para ver os vídeos)



www.xurxofernandes.gal

CULTUR ACTIVA

info@culturactiva.org
+34 981 582 836